



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Axudas de carácter económico destinadas ao gasto de material e equipamento para o curso académico 2026-27 ás familias vulnerables

ANUNCIO

EXPEDIENTE 2026/A002/000004. Axudas de carácter económico destinadas ao gasto de material e equipamento para o curso académico 2026-27 ás familias vulnerables

A Xunta de Goberno local, en sesión ordinaria celebrada o 27 de agosto de 2026 adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar as Bases reguladoras das axudas de carácter económico destinadas ao gasto de material e equipamento para o curso académico 2026-2027 ás familias vulnerables.

SEGUNDO. Publicar as presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia.

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DESTINADAS AO GASTO DE MATERIAL E EQUIPAMENTO PARA O CURSO ACADÉMICO 2026-27 ÁS FAMILIAS VULNERABLES.

1. CONTEXTUALIZACIÓN

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data do 28/11/2025, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2026”. (BOP nº 231 de 2 de decembro de 2025).

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia aos que se lles asignan as cantidades que resultan da aplicación dos criterios establecidos na base 4.

No financiamento deste Plan participa a Deputación provincial da Coruña e, de ser o caso, os concellos que voluntariamente realicen achegas para completar o financiamento dos seus investimentos.

Este Plan, contempla diferentes liñas de subvencións, entre as que figura o financiamento de gastos sociais extraordinarios do exercicio de 2026 (POS+Adicional 1/2026, Base 12).

O POS+ adicional 1/2026 ten como finalidade apoiar aos servizos sociais municipais, permitíndolles incrementar o seu gasto social extraordinario e a tramitación urxente das prestacións sociais necesarias en situacións de risco de exclusión, freando e previndo tanto a cronificación como o círculo vicioso da desigualdade social, incidindo nos fenómenos que xeran malestar e conflito ás persoas máis vulnerabilizadas e procurando o benestar social do conxunto da poboación dos municipios.

O Concello de Touro presentou e ten aprobada a súa solicitude para o POS+Adicional 1/2026 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026. Entre os programas aprobados inclúense as axudas económicas para os gastos ocasionados polo curso académico (material e equipamento) para menores de idade de familias en situación ou risco de exclusión social. Inclúense as etapas de escolarización obrigatorias e non obrigatorias de menores de idade, 12.1.b

Este programa consta dun orzamento de 9.600,00 €

2. OBXECTO

A Base 12 deste Plan, plantexa a finalidade do Plan de apoiar aos servizos sociais municipais, permitíndolles incrementar o seu gasto social extraordinario e a tramitación urxente das prestacións sociais necesarias en situacións de risco de exclusión, freando e previndo tanto a cronificación como o círculo vicioso da desigualdade social, incidindo nos fenómenos que xeran malestar e conflito ás persoas máis vulnerabilizadas e procurando o benestar social do conxunto da poboación dos municipios.

A educación como dereito fundamental, axuda a superar as desigualdades e a garantir un desenvolvemento sostible. Ningún menor debería de abandonar os seus estudos a causa dunha situación económica familiar precaria que lle impida continuar, sendo necesario garantir os seus dereitos.

3. GASTOS SUBVENCIONABLES

Por medio deste regulamento, o Concello de Touro, contribuíndo ao cumprimento do principio de igualdade no exercicio do dereito á educación no municipio, establece axudas de carácter económico destinadas a gastos ocasionados polo

curso académico (material e equipamento) para menores de idade, considerando como material escolar e equipamento o seguinte:

- Material común: lapis, bolígrafos, cadernos, folios, cores, gomas de borrar, rotuladores, plastilina, carpetas, tinta de impresora...
- Material complementario: compás, regras, tesoiras, calculadoras, estoxos, mochilas, libros de lectura, pendrive...
- Roupas de abrigo e calzado (incluída a deportiva)

A axuda farase efectiva a través do pago dos gastos de compras relacionadas co curso escolar 2026/2027.

4. CONTÍA DAS AXUDAS

O importe das axudas para compra de material e equipamento derivado do inicio do curso académico 2026/2027 ou necesidades sobrevidas ao longo do curso será o seguinte:

- 30 becas de ata 120,00 € para alumnado que curse ensino obrigatorio ou educación infantil.
- 20 becas de ata 300,00 € para alumnado que curse ensino non obrigatorio (excluída a educación infantil). As axudas resolveranse por orde de puntuación ata o esgotamento da partida orzamentaria prevista.

5. PERSOAS DESTINATARIAS

Serán destinatarias destas axudas as persoas con plena capacidade de obrar ou o seu representante legal, que a soliciten e a perciban, en nome propio, con descendentes menores a cargo na unidade de convivencia.

Non se poderá conceder máis dunha axuda por menor.

6. CONSIDERACIÓN DE UNIDADE DE CONVIVENCIA

A os efectos destas axudas económicas, entenderase por unidade de convivencia a constituída polos proxenitores e os seus descendentes dependentes economicamente destes (ata os 25 anos de idade) que residan nun mesmo domicilio, ademais dos seguintes:

- Pais e nais non separados legalmente e, se é o caso, o/a titor/a ou persoa encargada da garda e protección do menor, e os fillos/as que figuren empadroados/as e residan no domicilio familiar, solteiros e menores de 25 anos ou de maior idade cando teñan algunha discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- Cando non exista vínculo matrimonial, entenderase por unidade de convivencia, a constituída polo pai, a nai e tódolos descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva coa persoa beneficiaria da axuda e non teña atribuída a garda e custodia. Non obstante, se fose o caso, terá consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que o determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
- No caso de proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, poderían presentar cada un unha solicitude coa súa declaración e, sempre que cumprisen os requisitos, terá dereito ao 50% da axuda cada proxenitor.
- As separacións de feito acreditaranse mediante certificado de convivencia ou auto de medidas provisionais.

En ningún caso poderán ser destinatarios das axudas os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou se a tutela ou a garda fora asumida por unha institución pública.

7. REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

- Pertencer a un dos colectivos máis vulnerabilizados: unidades de convivencia con persoas menores a cargo e carecer de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas.
- Que o/a menor e, polo menos, un dos seus proxenitores, figure inscrito no Padrón de Habitantes do Concello de Touro con data anterior á aprobación destas bases.
- No caso de que a persoa solicitante sexa inmigrante, residir legalmente en España, tanto a solicitante como os menores para os que solicita a axuda.
- Estar ao corrente coas obrigas tributarias coas administracións públicas e fronte á Seguridade Social, acreditándose antes de finalizar o prazo de solicitude.
- Que os menores de idade da unidade familiar que realicen estudos de educación infantil ou de ensino obrigatorio, se encontren matriculados para o curso académico 2026/2027.

- Cumprir, todos os membros da unidade familiar, cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Que a renda conxunta anual da unidade de convivencia a que pertenza sexa inferior ou igual ao 2 X IPREM de 14 pagas.

IPREM MENSUAL: 600,00 €

IPREM ANUAL X 14 PAGAS: 8.400,00 €

8 CÁLCULO DA RENDA DA UNIDADE DE CONVIVENCIA

Para o cómputo dos ingresos, o Concello terá en conta as rendas do ano 2025, de cada un dos membros computables da unidade de convivencia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

a) No caso de que tiveran presentado a declaración do IRPF (2025), sumarase a base imponible xeral coa base imponible para o aforro.

b) No caso de se obtiveran ingresos propios e non se tivera presentado a declaración do IRPF teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Descontaranse dos ingresos os gastos de alugamento e/ou amortización de vivenda habitual, previa presentación de documento que o acredite.

Cando a unidade de convivencia estea formada por máis de dúas persoas (un proxenitor e un menor), o multiplicador de renda respecto ao índice IPREM de 14 pagas incrementarase en:

- 0,5 por cada membro adicional maior de idade que conforme a unidade de convivencia
- 0,75 por cada menor de idade da unidade de convivencia.
- Cando se acredite algunha das seguintes situacións mediante documento oficial, o multiplicador de renda respecto ao índice IPREM de 14 pagas incrementarase en:
 - Familia numerosa: 1 punto
 - Familia monoparental: 1 punto
 - Vítima de Violencia de Xénero: 1 punto
 - Persoa na unidade de convivencia con discapacidade ou dependencia: 1 punto por cada unha nesta condición.

c) Cando os ingresos económicos sexan inferiores nun 50% aos establecidos nos requisitos de acceso o multiplicador de renda respecto ao índice IPREM de 14 pagas incrementarase en 1 punto.

9. DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Os beneficiarios destas axudas teñen dereito a:

- a) Ser tratados co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
- b) Acceder á axuda en condicións de igualdade e non discriminación.
- c) O tratamento confidencial dos seus datos de acordo coa lexislación vixente en protección de datos.

Os beneficiarios destas axudas están obrigados a:

a) Reunir condicións de empadramento establecidos nestas bases. Este extremo comprobarase de oficio polo propio Concello, agás manifestación contraria.

b) Asistir ás clases con regularidade durante todo o curso académico.

c) Destinar a axuda ó fin para o que lle foi concedida, así como xustificar a subvención, conforme ao establecido no punto 13 destas bases.

d) Permitir e facilitar a labor do persoal técnico de servizos sociais para verificar a súa situación familiar e económica.

e) Cumprir con calquera outra obriga disposta no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións. O incumprimento dalgunha destas obrigas poderá dar lugar á suspensión do pagamento.

10. DOCUMENTACIÓN

1. Solicitude de axuda, segundo o modelo, debidamente cumprimentado.
2. DNI NIF da persoa solicitante e das persoas maiores de 16 anos da unidade familiar.
3. Libro de familia

4. Xustificante de matrícula dos/as menores no curso académico 2026/2027
5. Documento que acredite a titularidade de conta bancaria.
6. Contrato de alugueiro, xustificante de pago e/ou amortización de vivenda habitual, se fose o caso.
7. Título de familia numerosa, certificado de familia monoparental, certificado de discapacidade e/ou certificado de dependencia, certificado de vítima de violencia de xénero, se fose o caso.
8. Pensión de incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez do ano 2025, se fose o caso.
9. Sentencia xudicial, no caso de separación ou divorcio.
10. Declaración das axudas recibidas polos mesmos conceptos, se fose o caso.
11. Compromiso de destinar a axuda á finalidade para a que é concedida, segundo modelo, debidamente cumprimentado.
12. Calquera outra documentación que para a correcta valoración da solicitude lle poida ser requirida durante a tramitación.

No caso de que a documentación relativa aos apartados 2 e 3 fora aportada, pola persoa solicitante, na convocatoria 2025-2026 desta axudas, estará eximido da súa presentación.

No caso de non autorizar ao Concello para a consulta directa da situación tributaria, empadramento ou débedas coa administración, debera aportarse:

a) Declaración do IRPF do exercicio 2025 de tódolos membros da unidade de convivencia computables. No caso de non presentala, certificado de imputación de rendas correspondentes ao ano 2025, expedido pola Axencia Tributaria, referidos a tódolos membros da unidade de convivencia computables.

b) Certificado de non existencia de débedas coas Seguridade Social, coa AEAT e co Concello de Touro referido a tódolos membros da unidade convivencia maiores de idade.

c) Certificado de empadramento colectivo.

A falsidade ou ocultación de datos determinará, sen prexuízo, que o concello exercite as accións oportunas contra os responsables, a exclusión deles de futuras convocatorias de bolsas municipais.

11. FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A solicitude, acompañada da documentación complementaria especificada, presentarase a través da sede electrónica ou no rexistro de entrada do Concello de Touro dirixida ao Alcalde - Presidente.

De xeito excepcional, os expedientes poderán ser presentados de oficio, cando concorran circunstancias graves, extraordinarias ou urxentes que así o aconsellen.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 (vinte) días naturais contados a partir do día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP), de conformidade co procedemento establecido no artigo 20.8. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A presentación da solicitude desta subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causas de non admisión da solicitude.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicional das presentes bases reguladoras.

12. TRAMITACIÓN

Unha vez recibida a solicitude, e en caso necesario, requirirase ó interesado para que proceda á emenda de erros ou para achegar a documentación necesaria nun prazo de 10 días hábiles, facéndolle saber que no caso contrario a súa solicitude será desestimada. (art. 68 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), procedéndose ó arquivo do expediente.

O expediente será valorado polos Servizos Sociais Comunitarios básicos, que elaborará un informe preceptivo coa proposta de valoración correspondente.

13. RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN ÁS PERSOAS SOLICITANTES

A solicitude, coa documentación adxunta, o correspondente informe técnico, e logo de fiscalización de Intervención, será elevado a Xunta de Goberno Local para que acorde o que corresponda, na que polo menos quedará reflectido: beneficiario, concepto, contía e forma de pagamento. En todo caso, a axuda concederase en función dos créditos dispoñibles neste Concello para estas prestacións:

1. Partida destinada ao gasto de axudas económicas para os gastos de material e equipamento para o curso académico ás familias vulnerables (etapas de escolarización obrigatorias e non obrigatorias de menores de idade).

14. PUBLICACIÓNS

Tanto a resolución provisional como a resolución definitiva serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Touro, na sede electrónica do concello (sedetouro.gal) e na páxina web municipal (www.concellodetouro.com). Estas publicacións substituirán á notificación nos termos que se establecen nos artigos 59 e 60 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das axudas poderá dar lugar á modificación da resolución.

15. XUSTIFICACIÓN

O prazo para a presentación das facturas e xustificantes de pago das compras realizadas con esta axuda rematará o 14/11/2026.

A efectos do previsto no apartado 3 da citada disposición adicional decimo oitava, a presentación da solicitude por parte do beneficiario levará a autorización ao órgano xestor para obter os certificados a emitir pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e pola Tesoureira Xeral da Seguridade Social, agás no caso de non autorizar ao Concello de Touro para estes fins.

16. COMPATIBILIDADE

A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de becas ou subvencións, sempre que a suma das distintas axudas non sexa superior ao importe subvencionable.

17. PARTIDA ORZAMENTARIA

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria, reservárase crédito na aplicación orzamentaria 2312.48000 "Servizos complementarios de educación. Axudas a familias e institucións sen fins de lucro" dos vixentes orzamentos do Concello de Touro, por importe total de euros.

18. RÉXIME DE RECURSOS

As presentes bases e cantos actos administrativos que deriven das mesmas poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e formas previstas na Lei 93/15, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou dentro do prazo dun mes contado a partir do seguinte día ao da súa notificación, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Touro, 28 de agosto de 2026

O alcalde-presidente,

Jesús José Reboredo González

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA DE CARÁCTER ECONÓMICO DESTINADA AO GASTO DE MATERIAL E EQUIPAMENTO PARA O CURSO ACADÉMICO ÁS FAMILIAS VULNERABLES, (Inclúense as etapas de escolarización obrigatorias e non obrigatorias de menores de idade).

1. DATOS DO/A SOLICITANTE	
Nome e apelidos:	
DNI:	
Enderezo:	
Teléfono fixo:	Teléfono móbil:
Correo electrónico:	

E, na súa representación, (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Nome e apelidos:
DNI:

Datos da persoa proxenitora que non apareza como solicitante (se fose o caso)

Nome e apelidos:
DNI:
Enderezo:
Teléfono fixo:
Teléfono móbil:
Correo electrónico:

Datos dos menores para os que solicita a axuda

Nome e apelidos	Data nacemento	Curso de matrícula

NÚMERO DE CONTA BANCARIA PARA O PAGO DA SUBVENCIÓN
ES

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que esta axuda destinarase ao fin para o que se conceda
3. O seu compromiso de destinar a axuda á finalidade para a que é concedida.
4. Que non recibín ou ben recibín doutras administracións as contías que de seguido se relacionan para o mesmo fin.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA FOI PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

1. Solicitude de axuda, segundo o modelo, debidamente cumprimentado.
2. DNI NIF da persoa solicitante e das persoas maiores de 16 anos da unidade familiar.
3. Libro de familia
4. Xustificante de matrícula dos/as menores no curso académico 2026/2027.
5. Documento que acredite a titularidade de conta bancaria.
6. Contrato de alugueiro, xustificante de pago e/ou amortización de vivenda habitual, se fose o caso.
7. Título de familia numerosa, certificado de familia monoparental, certificado de discapacidade e/ou certificado de dependencia, certificado de vítima de violencia de xénero, se fose o caso.
8. Pensión de incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez do ano 2025, se fose o caso.
9. Sentencia xudicial, no caso de separación ou divorcio.
10. Declaración das axudas recibidas polos mesmos conceptos, se fose o caso.
11. Calquera outra documentación que para a correcta valoración da solicitude lle poida ser requirida durante a tramitación.

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

Coa finalidade de poder tramitar esta solicitude de subvención, solicitamos o seu consentimento para a comprobación de datos necesarios. A persoa interesada autoriza á consulta a outras administracións públicas da información referida a:

	Si consinto	Non consinto
DNI/NIE da persoa solicitante		
Estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social		
Declaración de IRPF e/ou datos fiscais correspondentes ao exercicio de 2025		
Empadramento		

No caso de non autorizar a consulta, deberá aportar o/os documento/s correspondente/s.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

O Responsable de Tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE TOURO, con dirección na rúa Isabel II, nº26, 15822-TOURO (A CORUÑA); correo@concellodetouro.gal.

1.- DPO: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE TOURO é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en correo@concellodetouro.gal.

2.- Finalidade do tratamento: A finalidade deste tratamento é a tramitación administrativa da xestión desta axuda.

Para a correcta prestación do servizo, poder ser necesario solicitarlle datos sobre a discapacidade do/a menor causante da axuda, coa finalidade de realizar os trámites relativos á súa solicitude.

Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo. No suposto de solicitar a supresión destes datos, serán conservados ata que se vexa cumprido o prazo de prescrición de posibles responsabilidades derivadas do seu tratamento.

3.- Lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.

4.- Destinatarios de cesións:

Por tratarse dunha solicitude de subvención, os datos persoais facilitaránse a tódalas Administracións Públicas con competencia na materia, no caso de ser requiridos.

Así mesmo, os seus datos serán facilitados á entidade financeira que vostede indique para o pago desta subvención.

5.- Dereitos: O Concello de Touro dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, na casa do concello ou por correo electrónico en: correo@concellodetouro.gal, sempre acompañados dunha copia do seu DNI que acredite a súa identidade.

Considérase que se non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de datos, a través das seguintes vías:

- Sede electrónica: www.aepd.es
- Correo postal: C/Jorge Juan 6, 28001 – Madrid
- Teléfono: 901 100 099 / 31 266 35 17

Touro, a de do 2026

Asdo. .:

ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE TOURO

ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS DOUTRAS PERSOAS DA UNIDADE FAMILIAR QUE NON FIGUREN COMO SOLICITANTES. SOLICITUDE DE AXUDA DE CARÁCTER ECONÓMICO DESTINADA AO GASTO DE MATERIAL E EQUIPAMENTO PARA O CURSO ACADÉMICO ÁS FAMILIAS VULNERABLES

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, aceptan a incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de terceiras persoas interesadas menores de idade o presente documento deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

A persoa interesada autoriza á consulta a outras administracións públicas da información referida a:

NOME E APELIDOS	DNI	MENOR DE IDADE	TITOR/A OU REPRESENTANTE LEGAL		AUTORIZACIÓN A COMPROBACIÓN DE DATOS.	SINATURA
			NOME E APELIDOS	DNI	DNI/NIE da persoa solicitante Estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Declaración de IRPF e/ou datos fiscais correspondentes ao exercicio de 2025 Empadramento no Concello de Touro	

Touro, de de 2026